

**PROCESO SELECTIVO DE OFICIAL/OFICIALA ALBANEL (1 PRAZA POR QUENDA LIBRE)  
CORRESPONDENTE Á OEP 2017-2018-2019 DO CONCELLO DE VIGO (3ª FASE)****ANUNCIO SOBRE RESOLUCION IMPUGNACIONS PREGUNTAS TEST E NOVAS  
PUNTUACIONS DO PRIMEIRO EXERCICIO****ACORDOS DO ORGANO DE SELECCION ADOPTADOS EN SESION DO 10/10/2023:**

**Primeiro.-** Proceder a analizar e resolver a totalidade dos escritos de alegacións/reclamacións presentados, no prazo outorgado, contra a puntuación do primeiro exercicio test, resultando a seguinte motivación:

**1) Alegacións presentadas en data 28/09/2023 en documento nº 230304771 (código de solicitude W-976243-1135)**

**SOLICITA ANULACION DAS PREGUNTAS 8 E 9**

- Solicita ANULACION **PREGUNTA 8** porque considera que ten dúas posibles respostas correctas: deuse por correcta a a)cedazo e considera que a b)criba tamén é correcta.

Aínda que foi dada por correcta a resposta a)cedazo, a criba tamén pode ser considerada como un tipo de tamiz, polo que a pregunta tería dúas posibles respostas válidas: a a) e a b). En consecuencia, procede anular a pregunta n.º 8 e facer uso da correspondente pregunta de reserva.

- Solicita ANULACION **PREGUNTA 9** por estar mal formulada porque considera que a espátula non é a ferramenta que se usa para revestir, que sería a llana.

A pregunta foi formulada nos seguintes termos:

9.- A espátula é unha ferramenta de:

- a) *Revestimento*
- b) Obras de fábrica
- c) Nivelación
- d) Encofrado

Non procede estimar a alegación por canto entre as posibles respostas dadas, a espátula non se utiliza para as demais labores propostas como respostas (obras de fábrica, nivelación, encofrado), polo que a única resposta correcta é a a).

**2) Alegacións presentadas en data 28/09/2023 en documento nº 230304436 (código de solicitude W975965-2459)**

**SOLICITA ANULACION DAS PREGUNTAS 5, 8, 12, 15 e 20 E MODIFICACION DA RESPOSTA CORRECTA DA 24.**

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/10/2023 13:56	Páxina 1 de 5
41054-220	CSV: A1A33F-248DC5-373FCE-9EMEUL-65R5TT-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



- Solicita ANULACION **PREGUNTA 5**: pregunta sobre o grosor do enfoscado. Deuse por correcta a resposta a) 2cm ou máis, pero considera que non é correcta. Indica que a pregunta non ten unha resposta que se encadre neses espesores e en ningún caso sería a resposta dada por correcta. Pide anulación e se pase ás de reserva.

Visto o Código Técnico da Edificación (*DB-SI, Anejo F. Resistencia al fuego de los elementos de fábrica*) que contempla espesores mínimos de 15 mm e as posibles respostas que se deron á pregunta, procede anular a pregunta n.º 5 e facer uso da correspondente pregunta de reserva.

- Solicita ANULACION **PREGUNTA 8** por ter dúas respostas posibles: deuse por correcta a a) cedazo e considera que a b) criba tamén é correcta.

Aínda que foi dada por correcta a resposta a) cedazo, a criba tamén pode ser considerada como un tipo de tamiz, polo que a pregunta tería dúas posibles respostas válidas: a a) e a b). En consecuencia, procede anular a pregunta n.º 8 e facer uso da correspondente pregunta de reserva.

- Solicita ANULACION **PREGUNTA 12**. Manifiesta que nesta pregunta as respostas non se corresponden co enunciado, xa que na Normativa UNE-EN 933-2 especifica os espesores dos áridos para homoxeneizar a normativa sobre áridos e os seus espesores e esta norma indica que “*A los efectos de aplicación de este artículo, se define como árido grueso la parte del árido total retenida en el tamiz 2 mm (norma UNE-EN 933-2)*” Indica que no enunciado faise referencia ao tamiz de 2,5 tendo un 0,5mm de desfase, así que realmente non hai ningunha resposta que se axuste á normativa.

Procede desestimar a anulación solicitada. Aínda que argumenta que a Normativa UNE-EN 933-2 indica que “*A los efectos de aplicación de este artículo, se define como árido grueso la parte del árido total retenida en el tamiz 2 mm (norma UNE-EN 933-2)*”, segundo o Prego de Prescricións Técnicas Xerais para obras de Estradas e Pontes (PG3), o Apartado 5.1.3.2.4.1 ao regular as características específicas dos áridos indica que: “*Se define como árido grueso a la parte del árido total retenida en el tamiz 4 mm (Norma UNE-EN 933-2)*”. No mesmo sentido, na UNE 146901:2018 de Designación de áridos, se designa como árido grueso aqueles con  $D > 4$  mm y  $d < 1$  (sendo  $D/d$  o tamaño do árido) Polo tanto, de todas as respostas posibles que existían nesta pregunta, a única válida é a b) no suposto que plantea o enunciado da pregunta.

- Solicita ANULACION **PREGUNTA 15**. Cuestiona a pregunta porque estamos ante un exame de albanel e considera que a pregunta pertence a outro oficio e indica que a sal gorda proposta como resposta é máis un aditivo para a durabilidade do traballo máis que facilitar o endurecemento.

Procede desestimar anulación solicitada. A pregunta axústase ao temario, en concreto ao Tema 9 do Temario Específico. De todas as opcións dadas como respostas, a única válida é a a) sal gorda, porque b), c) e d) son produtos que ablandarían a pintura, efecto contrario ao que se preguntaba.

- Solicita ANULACION **PREGUNTA 20**. Deuse por correcta a resposta a) *semicilíndrico*. Indica que se ben é certo que nas bases, no temario a tratar nesta proba había un apartado que trataba sobre balizamento e ocupación da vía pública, en ningún caso se fai referencia a sinais oficiais de estradas que un albanel ou persoal do Concello non vai facer uso desta que se está a preguntar, xa que indica que é unha sinal exclusiva da DXT en autovías e autoestradas que o Concello non ten competencias sobre elas. E indica que se estamos a falar de hitos de vértice topográficos, en



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/10/2023 13:56	Páxina 2 de 5
41054-220	CSV: A1A33F-248DC5-373FCE-9EMEUL-65R5TT-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



todo caso serían cilíndricos.

A pregunta ten encaixe no temario, ao existir o Tema 13: Elementos de sinalización, balizamento e defensa das estradas. A pregunta referiuse a dispositivo de hito de vértice, non a hitos de vértice topográficos, como erroneamente indica o alegante. A pregunta versa sobre un sinal en vigor utilizado en vías municipais e noutras vías doutras titularidades pero sobre as que o Concello actúa por estar cedidas ou transferidas. Por todo isto, non procede estimar o solicitado.

- Solicita CAMBIO DE RESPONSA CORRECTA na **PREGUNTA 24**: deuse por boa a a) *bulldozer* pero considera que é a c) motoniveladoras.

Non existe erro na resposta dada como correcta. O enunciado da pregunta engloba dúas accións: desprazar terras e nivelar, sendo os equipos bulldozer os que realizan a dobre función que indica o enunciado, mentras que a motoniveladora só realiza nivelado e perfilado do terreo polas características físicas deste equipo. Non procede, en consecuencia, estimar o solicitado.

### **3) Alegacións presentadas en data 28/09/2023 en documento nº 230304362 (nº entrada R20230032199)**

#### **SOLICITA REVISION DAS PREGUNTAS 5, 15, 18, 27 e R4**

-Solicita CORRECCION **PREGUNTA 5**, porque considera que o grosor do enfoscado pode ser dende 1cm a 2cm, según o temario ou fonte que se consulte. Indica que non hai unha medida concreta para o enfoscado, sen encontrar ningunha mención á resposta que deuse por correcta a) 2cm ou máis.

Visto o Código Técnico da Edificación (*DB-SI, Anejo F. Resistencia al fuego de los elementos de fábrica*) que contempla espesores mínimos de 15 mm e as posibles respostas que se deron á pregunta, procede anular a pregunta n.º 5 e facer uso da correspondente pregunta de reserva.

- Solicita ANULACION **PREGUNTA 15**: manifesta que tras búsqueda e consulta de temarios, así como instrucións de aplicación e modo de emprego de fabricantes de pintura á cal, non atopa que haxa que aplicar “sal gorda” para o seu endurecemento, non resultando clara a opción dada por correcta: a) *sal gorda*.

Procede desestimar anulación solicitada. De todas as opcións dadas como respostas, a única válida é a a) sal gorda, porque b), c) e d) son produtos que ablandarían a pintura, efecto contrario ao que se preguntaba.

- Solicita ANULACION **PREGUNTA 18**, porque a opción dada por correcta a) *Si, siempre que indiquen la incidencias previstas que ocasiona*, non fai referencia de quen indica as incidencias, se sinais, paneis, personal de obras, axentes de mobilidade de tráfico, etc, sendo imposible deducir a que se refire concretamente e pola ambigüidade da opción citada.

Existindo erro na formulación das catro respostas ofrecidas, non pode darse por válida ningunha delas, de acordo co disposto no Anexo II **NORMATIVA PARA A SINALIZACION E BALIZAMENTO DAS OBRAS**, parágrafo II.1.3. En consecuencia, procede anular a pregunta n.º 18 e facer uso da correspondente pregunta de reserva.

- Solicita ANULACION **PREGUNTA 27** porque a resposta dada por correcta a) *Si*, está incompleta,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/10/2023 13:56	Páxina 3 de 5
41054-220	CSV: A1A33F-248DC5-373FCE-9EMEUL-65R5TT-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



Expediente 41054/220

carece de aclaración e segundo o artigo 22 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, indica excepcións no caso do non consentimento do traballador, deixando a resposta "SI" por si sola carente de validez para ser marcada como correcta.

Se ben é certo que o artigo 22 da Lei 31/1995, de 8 de novembro recolle excepcións, o enunciado da pregunta non transcribe o teor literal deste artigo. Dado que as demais respostas propostas non poden ser correctas por non ter encaixe no citado artigo 22, a única resposta válida é a a), polo que procede desestimar a alegación.

- Solicita ANULACION PREGUNTA **R4** por non especificar o enunciado a que norma se refire, Estatuto dos traballadores, Estatuto básico do emprego público, indicar que se refire ao Concello de Vigo e non ao réxime xeral, dado que o BOE-A-1969-1140 Decreto 2088/1969, de 16 de agosto, artigo 26.1 di: Las sanciones impuestas por faltas muy graves, prescribirán a los 6 años, las impuestas por faltas graves, a los dos años, y las impuestas por faltas leves, al mes.

Aínda que o enunciado non recolle a norma de aplicación, a norma que cita (Decreto 2088/1969) está derogada e segundo o disposto nas outras normas de aplicación en materia de faltas e sancións (Estatuto Básico do Emprego Público e Lei de emprego público de Galicia), a resposta correcta e a b), polo que procede desestimar a alegación.

#### **4) Alegacións presentadas en data 02/10/2023 en documento nº 230306398 (nº entrada R20230032439)**

##### **IMPUGNA AS PREGUNTAS 5 e 8**

- Impugna **PREGUNTA 8** por ter dúas respostas válidas. Deuse por correcta a a) cedazo, pero tamén sería a b) criba.

Aínda que foi dada por correcta a resposta a)cedazo, a criba tamén pode ser considerada como un tipo de tamiz, polo que a pregunta tería dúas posibles respostas válidas: a a) e a b). En consecuencia, procede anular a pregunta n.º 8 e facer uso da correspondente pregunta de reserva.

- Impugna **PREGUNTA 5** sobre grosor do enfoscado adecuado.

Visto o Código Técnico da Edificación (*DB-SI, Anejo F. Resistencia al fuego de los elementos de fábrica*) que contempla espesores mínimos de 15 mm e as posibles respostas que se deron á pregunta, procede anular a pregunta n.º 5 e facer uso da correspondente pregunta de reserva.

**Segundo.-** A vista da anterior motivación, o órgano de selección acorda:

- Anular as preguntas nº 5, 8 e 18 e substituilas polas tres primeiras preguntas de reserva (R1, R2 e R3)

- Desestimar o resto das impugnacións referidas a preguntas do test

**Terceiro.-** Proceder novamente á corrección dos exames mediante o programa informático destinado a tal fin, resultando as seguintes puntuacións:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/10/2023 13:56	Páxina 4 de 5
41054-220	CSV: A1A33F-248DC5-373FCE-9EMEUL-65R5TT-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



ID	Ben	Mal	NC	0.00
62263	20	7	3	5.50
62885	16	6	8	4.33
63041	16	10	4	3.67
63896	17	3	10	5.17
64129	16	6	8	4.33
64141	19	3	8	5.83
64741	25	1	4	8.17
65218	20	7	3	5.50
65552	20	3	7	6.17
65696	20	4	6	6.00
65763	16	5	9	4.50
65929	20	3	7	6.17

**Cuarto.-** Publicar o resultado da nova corrección.

**Quinto.-** Contra as novas puntuacións do primeiro exercicio caberá interpoñer recurso de alzada, sen prexuízo de que os/as interesados/as poidan interpoñer calquera outro recurso que estimen procedente consonte a Dereito.

Nos vindeiros días, publicarase por este medio a convocatoria para a realización do segundo exercicio do proceso selectivo para os/as aspirantes que superaron o primeiro exercicio, segundo a táboa anterior (8 persoas).

Vigo, na data da sinatura electrónica

A secretaria titular do órgano de selección

M<sup>a</sup> del Carmen Pazos Area

